

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**9803** *REAL DECRETO 499/2003, do 2 de maio, polo que se modifica o Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.* («BOE» 116, do 15-5-2003.)

O Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, establece un réxime de axudas para a modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, acollidas á acción común, conforme o Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ó desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos, e á Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, cofinanciadas polo FEOGA, a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, de acordo cos programas operativos e de desenvolvemento rural aprobados pola Comisión da Unión Europea.

O Regulamento (CE) n.º 1454/2001 do Consello, do 28 de xuño de 2001, polo que se aproban medidas específicas en favor das illas Canarias en relación con determinados produtos agrícolas e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 1601/92 (Poseican), no número 1 do seu artigo 19, posibilita regular un trato diferenciado nas axudas ós investimentos destinados, en particular, a fomenta-la diversificación, a reestructuración ou a orientación cara a unha agricultura sustentable das explotacións agrarias de dimensión económica moi reducida, a definición das cales deberá realizarse no complemento do programa.

Definidas as explotacións agrarias de dimensión económica moi reducida, realizados os trámites que implican as modificacións derivadas do citado artigo 19 e unha vez adaptada a axuda de subvención de capital á previsión contida no Programa Operativo Integrado de Canarias, procede modifica-lo Real decreto 613/2001 para a súa aplicación.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de maio de 2003,

## DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.*

O Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, queda modificado do seguinte modo:

Un. Engádeselle un novo número 5 ó artigo 7 coa seguinte redacción:

«5. Na Comunidade Autónoma de Canarias, nas explotacións agrarias que non superen 20 unidades de dimensión europea (UDE), a contía total máxima da axuda poderá acadalo 75 por cento do importe do investimento auxiliabile no caso dos

investimentos destinados, en particular, a fomenta-la diversificación, a reestructuración ou a orientación cara a unha agricultura sustentable, sen que proceda nestes casos a axuda suplementaria prevista no número 4 anterior».

Dous. Engádeselle un novo número 3 ó artigo 8 coa seguinte redacción:

«3. Na Comunidade Autónoma de Canarias, nos casos recollidos no número 5 do artigo anterior, a subvención de capital será de ata o 40 por cento do investimento previsto no plan de mellora».

Tres. O segundo parágrafo do número 1 do artigo 10 queda redactado como segue:

«O seu importe máximo corresponderá á diferenza entre a contía máxima da axuda resultante do número 3 ou 5 do artigo 7 ou, de se-lo caso, entre a axuda máxima que corresponda segundo a norma da comunidade autónoma e os importes dos demais tipos de axuda, sen que, en ningún caso, poida supera-lo 40 por cento do préstamo bonificado».

Catro. O segundo parágrafo do número 3 do artigo 17 queda redactado como segue:

«Computaranse as axudas destinadas a investimentos que cumpran o disposto no artigo 6 e cun volume que non supere os límites establecidos no número 2 do artigo 7, sen que a contía computable de cada axuda poida supera-los límites porcentuais establecidos no número 3 ou 5 do artigo 7».

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 2 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

## XEFATURA DO ESTADO

**9981** *REAL DECRETO LEI 3/2003, do 16 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos causados polas inundacións producidas a finais do mes de febreiro e durante a primeira quincena do mes de maio de 2003.* («BOE» 118, do 17-5-2003.)

Durante os días 24 ó 27 de febreiro, ambos inclusive, nas bacías dos ríos Ebro e Douro, así como noutros ríos da Comunidade Autónoma de La Rioja, e na primeira quincena do presente mes de maio nas comunidades autónomas de Castilla y León, La Rioja, Foral de Navarra e Aragón, producíronse graves inundacións que ocasionaron importantes danos en bens de titularidade pública e privada.

A magnitude dos feitos e as súas consecuencias obrigan, desde o principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes, á actuación dos poderes públicos e á adopción, para as zonas afectadas,

dun conxunto de medidas paliativas e reparadoras concordantes coas adoptadas anteriormente en ocasións semellantes, co obxecto de favorecer o restablecemento dos servizos, a reparación dos danos producidos e a volta á normalidade das zonas sinistradas polas inundacións.

O obxectivo, polo tanto, desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen a diminuí-las cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados, intentan paliar o impacto nas empresas e nos particulares afectados.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polas citadas inundacións nos cultivos e territorios afectados configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación equiparable á de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ó sector agrario.

Tendo en conta que estas contingencias non teñen cobertura completa no marco do seguro agrario combinado, cómpre arbitrar medidas paliativas adecuadas, en consonancia coa natureza e incidencia dos danos ocasionados nas producións dos territorios afectados e nas rendas dos agricultores.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía e dos ministros de Xustiza, de Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de maio de 2003,

## DISPÓÑO:

### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos ocasionados polas inundacións producidas a finais do mes de febreiro e durante a primeira quincena do mes de maio de 2003.

Os termos municipais e núcleos de poboación afectados das comunidades autónomas de Castilla y León, La Rioja, Aragón e Comunidade Foral de Navarra ós que concretamente lles sexan de aplicación as medidas aludidas determinaranse por orde do ministro do Interior.

2. Para os efectos destas actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación nos que, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

### Artigo 2. *Danos en infraestructuras municipais e rede viaria das deputacións provinciais.*

Os proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais e núcleos de poboación ós que se fai referencia no artigo anterior, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestructuras, equipamentos ou instalacións e servizos de titularidade municipal incluídos no artigo 26.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e á rede viaria das deputacións provinciais, aplicaráselle-lo trámite de urxencia, e o Estado poderalles conceder unha subvención de ata o 50 por cento do seu custo.

### Artigo 3. *Danos nas restantes infraestructuras públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, co obxecto de que estes departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes daqueles poidan levar a cabo as restauracións que procedan. Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras que vaian executar tales departamentos para reparar os danos causados en infraestructuras de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.

### Artigo 4. *Indemnización de danos en producións agrarias.*

Serán obxecto de indemnización os danos provocados polas inundacións nas explotacións agrarias que, tendo pólizas en vigor amparadas polo Plan de seguros agrarios, sufrisen perdas por danos nas súas producións non cubertos polas liñas de seguros agrarios combinados.

Non obstante, para o caso de producións que nas datas do sinistro non iniciasen o período de contratación do seguro correspondente, tamén poderán percibir as anteriores indemnizacións, sempre e cando o agricultor contratase o seguro correspondente a tales producións no exercicio anterior.

Tamén se poderá percibir indemnización polos danos causados en producións non incluídas no vixente Plan anual de seguros, excepto que as producións afectadas estivesen garantidas por un seguro non incluído no sistema de seguros agrarios combinados.

Estas indemnizacións irán destinadas ós titulares daquelas explotacións que, estando situadas no ámbito sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ó 20 ou ó 30 por cento da produción, segundo se trate ou non de zona desfavorecida, consonte os criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

### Artigo 5. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ó exercicio de 2003 que afecten vivendas, establecementos industriais e mercantís, explotacións agrarias, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa das inundacións, cando se acredite que tanto as persoas coma os bens neles situados tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ó exercicio 2003 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís e profesionais con locais de negocios ou bens afectos a esa actividade danados como consecuencia directa das inundacións, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ó peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ó tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais ou noutras habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a isto, o suposto de cesamento no seu exercicio, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2002.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán as das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito ós beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes a este exercicio fiscal poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. A tramitación das baixas de vehículos, solicitadas como consecuencia dos danos producidos polas inundacións, e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de conducción destruídos ou extraviados por estas causas non devengarán as taxas correspondentes ós respectivos servicios da Xefatura Central de Tráfico.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os anteriores puntos deste artigo produzan nos concellos e deputacións provinciais será compensada con cargo ós orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

*Artigo 6. Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas que determine a orde que se dicte en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no número 4.1 do artigo 35 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, o Ministerio de Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto ós que se refire a Orde HAC/225/2003, do 11 de febreiro, que desenvolve para o ano 2003 o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

*Artigo 7. Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos polas inundacións terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. A Tesourería Xeral da Seguridade Social poderá exonerar-lo empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores serán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo en virtude de circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata nas inundacións, non se compute para efectos de consumirlos períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos citados expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para teren dereito a aquelas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia, incluídos en calquera réxime da Seguridade Social, poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social correspondentes ós meses de febreiro e marzo de 2003 respecto ás inundacións producidas a finais do mes de febreiro, e ós meses de maio e xuño de 2003, respecto ás acaecidas na primeira quincena do mes de maio.

3. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do Instituto Nacional de Emprego a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

*Artigo 8. Réxime de contratación.*

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servicios, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servicio de infraestructuras e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos, inclúense, en todo caso, entre as infraestructuras as hidráulicas, as estradas e, en xeral, calquera que resultase afectada polas inundacións.

3. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 129.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade de terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga ata a formalización da acta de ocupación.

*Artigo 9. Axudas excepcionais para vivendas.*

1. As axudas polos danos no continente da vivenda só se concederán cando estes superen o 20 por cento do seu valor e, en todo caso, terán un límite máximo de 24.000 euros.

2. A valoración dos danos efectuaráa o Consorcio de Compensación de Seguros, e referirase ó valor real do dano efectivamente causado no continente da vivenda, con distinción entre a contía que, de se-lo caso, correspondese indemnizar ó Consorcio conforme a normativa que regula a súa actividade e a contía que coubese outorgar en concepto de axuda consonte este real decreto lei.

3. O financiamento específico destas axudas efectuarao nun 50 por cento a Administración xeral do Estado, e o resto, as administracións territoriais, segundo os acordos que alcancen entre elas nos convenios que subscriban para o efecto.

*Artigo 10. Réxime especial de aplicación das axudas ordinarias por danos materiais.*

1. Nos casos de axudas materiais previstas no artigo anterior, non será aplicable o réxime de axudas previsto para estes danos na Orde do Ministerio do Interior do 18 de marzo de 1993, modificada parcialmente pola do 30 de xullo de 1996.

2. As axudas que se concedan en aplicación do previsto no artigo anterior financiaranse con cargo ós créditos 16.01.223A.482 «para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia» e 16.01.223A.782 «para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados, con carácter de ampliables, no vixente orzamento do Ministerio do Interior.



**Artigo 11. Liñas preferenciais de crédito.**

Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos por importe de 18.030.000,00 euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte, utilizando a mediación das entidades financeiras con implantación nas comunidades autónomas afectadas, subscribindo con elas os oportunos convenios de colaboración.

Estas liñas de préstamo, que terán como finalidade financiar a reparación ou reposición de instalacións e equipos industriais e mercantís, agrícolas, gandeiras e de regadío, automóbiles, motocicletas e ciclomotores de uso particular, vehículos comerciais, maquinaria agrícola e locais de traballo de profesionais que se visen danados como consecuencia das inundacións, materializaranse en operacións de préstamo concedidas por estas entidades financeiras, coas seguintes características:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola delegación ou subdelegación do Goberno da provincia correspondente ou, de se-lo caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, de se-lo caso, o importe do crédito que puidesen subscribir con cargo a liñas de crédito preferenciais para establecer por iniciativa das comunidades autónomas respectivas.

b) Prazo: o establecido entre as partes, co límite de cinco anos, incluído un de carencia.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do tres por cento TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas do 0,75 por cento. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do 3,7 por cento TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, a cal decidirá sobre a concesión do préstamo, sendo pola súa conta o risco da operación.

e) Vixencia da liña: o prazo para a disposición de fondos terminará o 31 de decembro de 2003.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo levaraa a cabo o ICO, no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta.dous.2, parágrafo a), do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do tres por cento será cuberto con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

**Artigo 12. Cooperación coas administracións locais.**

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propoñe-lo pagamento das subvencións a que se refire o artigo 2, na parte que financia a Administración xeral do Estado, ata un importe máximo de 1,8 millóns de euros, con cargo ó crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, nos orzamentos do citado departamento.

De igual modo, facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para establece-lo procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, así como o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais.

**Artigo 13. Comisión interministerial.**

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas establecidas neste real decreto lei,

coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e integrada por representantes dos Ministerios de Xustiza, de Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, de Administracións Públicas e de Economía, así como polos delegados do Goberno nas comunidades autónomas afectadas e por un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. O seguimento das medidas previstas neste real decreto lei levarao a cabo a comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades das comunidades autónomas afectadas, a través das delegacións do Goberno.

**Artigo 14. Consorcio de Compensación de Seguros.**

1. Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas afectadas poderán solicitar do Consorcio de Compensación de Seguros, para unha máis correcta avaliación dos danos, as correspondentes valoracións previstas neste real decreto lei, sempre que non afecten bens de titularidade pública.

2. O Consorcio terá dereito ó aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritación conforme o baremo de honorarios profesionais que este Consorcio tivese aprobado para os seus peritos taxadores de seguros.

3. Para facilita-la tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros poderanse transmitir-las datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados.

**Artigo 15. Convenios con outras administracións públicas.**

A Administración xeral do Estado poderá subscribir coas comunidades autónomas e con outras administracións públicas os convenios de colaboración que esixa a aplicación deste real decreto lei.

**Disposición adicional primeira. Límites das axudas.**

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen conceder outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

**Disposición adicional segunda. Créditos orzamentarios.**

A reparación dos danos nos bens de titularidade estatal e nos das comunidades de regantes financiarase con cargo ós orzamentos dos respectivos departamentos ministeriais, e para eses efectos realizaranse as transferencias de crédito que sexan necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

**Disposición adicional terceira. Días inhábiles.**

Decláranse inhábiles os días 6, 7, 8 e 9 de maio, no ámbito territorial dos municipios que se inclúan na orde que se dicte en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, para toda clase de efectos civís, notariais, mercantís, administrativos, xudiciais e rexistrals.

Os días mencionados serán descontados no cómputo dos prazos establecidos para cada caso, e deberanse levar a efecto os actos e as dilixencias que neles non puideron ter lugar nos oito días hábiles seguintes ó da publicación deste real decreto lei, sen prexuízo da validez das actuacións e das dilixencias practicadas en día inhábil, se se realizasen con tódolos requisitos legais necesarios.

Disposición adicional cuarta. *Danos en infraestructuras públicas de titularidade de comunidades de regantes.*

Para os efectos previstos no artigo 3, decláranse de emerxencia as obras que execute o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para repara-los danos causados en infraestructuras públicas de titularidade das comunidades de regantes, comprendidas no seu ámbito de competencia

A reparación destes danos financiarase con cargo ó orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ata un importe máximo de seis millóns de euros.

Disposición adicional quinta. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados polas inundacións, con carácter preferente, poderase efectua-lo pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ó Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes dos que se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 16 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**10185** LEI 10/2003, do 20 de maio, de medidas urxentes de liberalización no sector inmobiliario e de transportes. («BOE» 121, do 21-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evolución positiva da economía española, na que tiveron especial incidencia as medidas liberalizadoras acordadas polo Goberno, fai necesario seguir avanzando no proceso de liberalización para mante-lo ritmo de crecemento económico. Por outra parte, a interdependencia das economías, ó introducir certos elementos de comportamento imprevisible que poden repercutir desfavorablemente na evolución positiva producida ata o de agora na economía española, obriga tamén a adoptar certas medidas que eviten efectos indesexables.

Por isto, esta lei, no marco dun conxunto de medidas de natureza estrutural que con carácter de urxencia adopta o Goberno, co fin de evita-la aparición de desequilibrios macroeconómicos que ameacen a estabilidade e o proceso expansivo da nosa economía, céntranse, sen perderen a súa condición de medidas integrantes da política unitaria do Goberno, nos sectores da competencia do Ministerio de Fomento. O seu obxectivo fundamental é incidir de forma inmediata no comportamento dos distintos axentes económicos para estimula-la competencia, conseguir unha mellor asignación dos recursos e, en definitiva, influír positivamente sobre o nivel de prezos.

As medidas, polo tanto, que se conteñen nesta lei proxéctanse sobre unha serie de sectores básicos da esfera de actuación do Ministerio de Fomento, como son o sector inmobiliario e o dos transportes, incluíndo a subministración de hidrocarburos ós buques nos portos para favorece-la competencia entre as empresas subministradoras.

Polo que respecta ó sector inmobiliario, as medidas que se adoptan pretenden corrixi-las rixideces advertidas no mercado como consecuencia do forte crecemento da demanda e a incidencia nos produtos inmobiliarios do prezo do solo, condicionada, pola súa vez, pola escaseza de solo urbanizable ou urbanizado, segundo os casos. En consecuencia, a reforma que se acomete deberá incrementa-la oferta do solo ó introducir flexibilidade naquelas previsións normativas en vigor que a puidesen limitar, trasladando este efecto positivo ó prezo final dos bens inmobiliarios.

Nesta dirección oriéntanse a maior obxectivización da clasificación do solo non urbanizable e a pretensión de incrementa-la oferta de solo urbanizable. Coa mesma finalidade poténciase tamén o desenvolvemento dos solos urbanizables, os cales se dotan dunha maior flexibilidade ampliando as posibilidades de actuación recoñecidas ata o de agora, sen que isto supoña ningunha mingua da capacidade de actuación e decisión últimas das administracións públicas competentes na materia. Así mesmo, para evitar posibles bloqueos das iniciativas urbanizadoras como consecuencia da inactividade da Administración, establécese a aplicación do silencio positivo.

Finalmente, e co fin de aclara-los métodos aplicables nas valoracións dos solos urbanos e urbanizables, evitando interpretacións contrarias ós criterios xerais da lei, modifícanse os artigos correspondentes, explicitando a aplicación en cada caso dun ou doutro método, descartando de forma expresa os elementos especulativos e expectativas das que non estea asegurada a presenza futura e ratificando a dedución da totalidade dos gastos de transformación do solo que prevé a propia lei.

Por outra parte, e no que atinxe tamén ó referido sector, a lei pretende clarifica-la situación actual do exercicio da actividade de intermediación inmobiliaria que se encontra afectada pola falta dunha xurisprudencia unánime que recoñeza que esta actividade non está reservada a ningún colectivo singular de profesionais.

En relación co sector dos transportes, as medidas que se conteñen na lei están chamadas a actuar sobre